

NORMATIVA DE SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DE ESTUDOS OFICIAIS DE MESTRADO

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, "por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales" dispón que os planos de estudos conducentes á obtención dun título de Mestrado Universitario, que terán entre 60 e 120 créditos, serán elaborados polas universidades e verificados polo Consello de universidades.

Estes títulos oficiais serán sometidos a un procedemento de avaliación cada seis anos a contar dende a data do seu rexistro no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT), co fin de manter a súa acreditación. No caso de que a avaliación sexa negativa e as deficiencias atopadas non sexan subsanadas pola Universidade, o título causará baixa no RUCT e perderá o seu carácter oficial e a súa validez en todo o territorio nacional.

Adicionalmente, a universidade en exercicio da súa autonomía pode acordar a extinción dun título de mestrado por causas debidamente xustificadas.

Nos supostos de suspensión ou revocación dun título as universidades están obrigadas a garantir o adecuado desenvolvemento efectivo das ensinanzas que iniciaron os seus estudantes ata a súa finalización.

De acordo co anterior é necesario que a Universidade de Vigo dispoña dun regulamento que estableza o procedemento de suspensión e extinción dunha titulación así como que garantice que os estudantes matriculados con anterioridade ao acordo de suspensión ou extinción podan rematar os estudos iniciados.

Artigo primeiro. Causas de suspensión e extinción

Un título poderá suspenderse temporalmente ou extinguirse por algunha das seguintes causas:

1. Que como consecuencia do proceso de acreditación do título a realizar cada seis anos por parte da ANECA, ou calquera outra axencia que a lexislación estableza, non supere o proceso de acreditación previsto no artigo 27 do Real Decreto 1393/2007.
2. Que como consecuencia da avaliación e acreditación das ensinanzas non acredite o cumprimento dos requisitos básicos que o Goberno estableza de conformidade co disposto na Lei Orgánica 6/2001, de Universidades.
3. Que non exista demanda suficiente de matrícula en función do número mínimo necesario establecido pola normativa vixente.
4. Que se formule proposta de suspensión do título ao abeiro dos procesos de revisión e mellora do título de acordo coa sistemática aprobada pola Universidade e que figura como subproceso no Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC).
5. Cando concorra calquera situación excepcional que impida o correcto desenvolvemento do plano de estudos.



Artigo segundo. Procedemento de extinción dun título polas causas previstas no artigo 27 do R.D. 1393/2007.

- No suposto de que o título non supere o proceso de acreditación previsto no artigo 27 do R.D. 1393/2007, a Vicerreitoría competente o comunicará ao centro para que inicie o proceso de extinción a través do procedemento establecido no Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do centro.
- A Comisión de Estudos de Posgrao, vista a documentación remitida polo centro, elevará ao Consello Social para a emisión de informe e ao Consello de Goberno a proposta de extinción do título.
- O Consello de Goberno da Universidade, vistos os informes da Comisión de Estudos de Posgrao e do Consello Social, e dando cumprimento ao artigo 28.3 do Real Decreto 1393/2007, acordará a remisión da proposta da extinción da impartición do título á Comunidade Autónoma Galega (CAG) que acordará a extinción do título.

Artigo terceiro. Procedemento de extinción dun título por non chegarse a implantar, unha vez autorizado

Se transcorridos dous cursos académicos dende a data de autorización dun título non se chegase a implantar por calquera das causas previstas nos apartados 3 e 4 do artigo primeiro, procederase a súa extinción de acordo co seguinte procedemento:

- A Comisión de Estudos de Posgrao elevará ao Consello Social e ao Consello de Goberno a proposta de extinción do título se procede.
- O Consello de Goberno da Universidade, vistos os informes da Comisión de Estudos de Posgrao e do Consello Social, acordará a remisión da proposta da extinción da impartición do título á CAG, que acordará a extinción do título.

Artigo cuarto. Procedemento de suspensión e extinción dun título que se deixa de impartir por calquera das causas previstas nos apartados 2 e seguintes do artigo primeiro.

1. O procedemento de suspensión será o seguinte:

- 1.a. O centro correspondente elevará a proposta de suspensión á Comisión de Estudos de Posgrao, a través do procedemento establecido no sistema de garantía interno de calidade (SGIC).
- 1.b. A Comisión de Estudos de Posgrao, vista a proposta do centro decidirá se procede ou non a suspensión temporal.

Nos casos nos que a suspensión sexa acordada polo Goberno ou pola CAG por calquera das causas previstas na lexislación vixente, a Vicerreitoría competente o comunicará ao centro (órgano responsable do programa de estudos) para que inicie o proceso de suspensión a través do procedemento establecido no apartado anterior.

2. A suspensión non poderá ser superior a dous cursos académicos consecutivos, agás no suposto de que sexa ordenada polo Goberno e a CAG por calquera das causas previstas na lexislación vixente.

Transcorrido un curso en suspensión o centro deberá pronunciarse sobre a súa reactivación no curso académico seguinte, agás naqueles casos que a suspensión sexa

acordada polo Goberno e ou Comunidade Autónoma. No caso de que non se produza esta comunicación procederase, de oficio, á extinción do título.

3. No caso de que o centro solicite a extinción, ou a suspensión fose superior a dous cursos académicos, agás naqueles casos que sexa acordada polo Goberno e pola CAG, procederase á extinción do título de acordo co previsto no apartado seguinte:

- O centro correspondente elevará a proposta de extinción á Comisión de Estudos de Posgrao, a través do procedemento establecido no sistema de garantía interno de calidade (SGIC). A Comisión de Estudos de Posgrao, vista a proposta do centro ou de oficio decidirá se procede ou non a extinción e elevará, no seu caso, a proposta ao Consello Social (C.S.) e ao Consello de Goberno. Tamén a Comisión de Estudos de Posgrao poderá elevar, de oficio, ao C.S. e ao Consello de Goberno a proposta de extinción.
- O Consello de Goberno da Universidade, vistos os informes da Comisión de estudos de Posgrao e do Consello Social, acordará a remisión da proposta de extinción da impartición do título á Comunidade Autónoma Galega (CAG) que acordará a extinción do título.

Artigo quinto. Consecuencias da suspensión ou extinción dun título

1. A suspensión ou extinción dun título implica garantir o adecuado desenvolvemento efectivo das ensinanzas que houberan iniciado os seus estudantes ata o seu remate, debendo propoñer a Xunta de Centro, para a súa aprobación, os criterios que garantan o adecuado desenvolvemento efectivo das ensinanzas que houberan iniciado os seus estudantes ata a seu remate.

2. Os planos de estudos correspondentes a títulos oficiais de mestrado terán unha duración temporal mínima equivalente ao número de cursos académicos de que consten. A impartición da docencia extinguirase temporalmente curso por curso e tendo en conta a posibilidade da existencia de matrícula a tempo parcial dos estudantes.

3. No caso de que se suspenda ou extinga por algunha das causas previstas nos artigos anteriores, todos os alumnos afectados deberán ser informados da devandita suspensión ou extinción antes de que remate o curso académico correspondente.

4. A suspensión e a extinción producirá os seguintes efectos:

- Non se poderá proceder á matrícula de novos alumnos da titulación afectada.
- A suspensión ou a extinción acordada non afectará aos estudantes matriculados con anterioridade e que se atopen cursando a titulación no momento da adopción da decisión de suspensión ou extinción.
- Os estudantes non matriculados da algunha das materias terán dereito á docencia a primeira vez que se matriculen no período temporal marcado polo apartado 2 deste artigo.
- Unha vez extinguida a docencia, os estudantes que non tivesen superados todos os créditos do mestrado terán dereito a ser avaliados nas datas previstas no calendario académico dos créditos pendentes durante o curso seguinte ao da extinción da docencia.

5. Extinguido totalmente o mestrado, os alumnos que non superasen os créditos non poderán obter o título oficial de mestrado, pero poderán solicitar unha certificación de todos os créditos superados.



UNIVERSIDADE
DE VIGO

Disposición adicional

Primeira. Facúltase á Comisión de Estudos de Posgrao para elaborar as normas complementarias que desenvolvan a presente normativa.

Segunda. O procedemento de suspensión e extinción dos mestrados interuniversitarios será o establecido no convenio asinado. De non existir regulación específica no convenio correspondente rexeráse polo establecido na presente normativa.

Disposición transitoria

O disposto nesta normativa será de aplicación aos títulos oficiais de mestrado autorizados ao amparo do R.D. 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao.

Disposición final

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación nos taboleiros dos rexistros xerais, centros, departamentos e páxina web, logo da súa aprobación no Consello de Goberno da Universidade de Vigo.

Dilixencia para facer constar que esta normativa foi aprobada na sesión do Consello de Goberno de data 9-06-2009.

Vigo, 9 de xuño de 2009
A SECRETARIA XERAL



Esther González Pillado

